

## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO "MERCCK SHARP & DOHME DE ESPAÑA, S.A."**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e "Merck, Sharp & Dohme de España, S.A". formalizaron o 09/05/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período de catro anos desde a data da súa sinatura, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións necesarias para a colaboración entre as partes en diversos ámbitos relacionados coa saúde. En particular, abrangue a organización e execución de accións conxuntas que promovan a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a promoción social da educación sanitaria. Ademais, preténdese realizar actividades que contribúan á mellora asistencial e á calidade de vida dos pacientes e á sostibilidade, de conformidade coas liñas estratéxicas definidas pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

A Estratexia galega de saúde 2030 do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade establece como palanca de cambio a "Saúde 6P" cun enfoque centrado en seis elementos clave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional.

A innovación sanitaria representa unha nova tendencia na medicina actual e supón un novo

enfoque na atención médica, poñendo ao paciente no centro dun proceso que inclúe a curación, a prevención, a predición, individualización de terapias e mellora significativa da calidade de vida. Trátase dunha nova tendencia na medicina baseada en 5 'P's: Personalizada, Preditiva, Preventiva, Participativa e Poboacional, que procura mellorar a calidade asistencial, a eficiencia e sostibilidade do sistema sanitario, adecuando os recursos ás necesidades de cada persoa.

MSD é unha compañía innovadora, que ten por obxecto social e finalidades a investigación, o desenvolvemento, a fabricación e comercialización de medicamentos. Un dos seus obxectivos de innovación e búsqueda é traballar para contribuír á mellora da calidade de vida dos/as pacientes que sofren enfermidades. Neste sentido, a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

Por todo o anterior dado o seu carácter xeral e, tendo en conta que non xera obrigas económicas para as partes, ni require de dotacións orzamentarias específicas, non resulta necesario promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Ramón Parada Jorgal

